



CONVENIO DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE CERVO

En Cervo a 7 de xullo de 2021.

Dunha parte, M^a Cristina Vázquez Sánchez con DNI nº 34.637.016M, en calidade de solicitante dunha axuda de emerxencia social.

De outra parte, Alfonso Villares Bermúdez, en calidade de alcalde-presidente do Concello de Cervo, que actúa en nome e representación do mesmo en virtude das competencias recoñecidas polo artigo 21 da Lei reguladora das bases do réxime local.

EXPOÑEN

PRIMERO: Que o Concello de Cervo, no exercicio das súas competencias recollidas nos artigos 25 e 28 da Lei reguladora das bases do réxime local, está interesado en conceder unha subvención directa de carácter excepcional como axuda de emerxencia social a M^a Cristina Vázquez Sánchez co fin de dar resposta urxente a unha necesidade básica puntual xerada pola existencia dunha deuda de aluguer da súa vivenda habitual.

SEGUNDO: Que M^a Cristina Vázquez Sánchez, solicitou do Concello de Cervo unha axuda económica de emerxencia social para a cobertura da débeda do aluguer coa arrendadora da súa vivenda habitual.

En base ao anteriormente exposto, o Concello de Cervo e M^a Cristina Vázquez Sánchez asinan o presente convenio de axuda de emerxencia social coas seguintes

CLAUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto regular a subvención directa de carácter excepcional como axuda de emerxencia social a M^a Cristina Vázquez Sánchez co fin de dar resposta urxente a unha necesidade básica puntual xerada pola existencia dunha débeda coa arrendadora da súa vivenda habitual.

Segunda.- O Concello de Cervo achegará, en concepto de subvención directa de carácter excepcional como axuda de emerxencia social, a cantidade de 1.000 € con



Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

cargo á partida 231/48000, para a cobertura da débeda de aluguer da súa vivenda habitual, dos meses de febreiro, marzo, abril e maio de 2021.

Terceira.- Vista a autorización de pago directo polo Concello á arrendadora, se considera xustificada a subvención pola realización deste pago.

Cuarta.- O pago da subvención realizarase previa xustificación dos gastos de conformidade co establecido na cláusula terceira.

Quinta.- Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados para fins distintos dos previstos no presente convenio.
- A falta de xustificación da subvención concedida.

Sexta.- Este convenio terá vixencia ata a completa execución e xustificación da axuda e, en todo caso, a súa vixencia non se estenderá máis alá do 31 de decembro e 2021.

Sétima.- O Concello de Cervo resérvase as facultades de efectuar cantas actuacións de seguimento, vixilancia e control da execución do presente convenio considere convenientes.

En proba de conformidade cos termos do convenio ámbalas dúas partes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O alcalde



Alfonso Villares Bermúdez

Mª Cristina Vázquez Sánchez

DNI: 34.637.016M